

CO DECRETO DO CARBÓN REPITESE A HISTORIA,

NON COMETAMOS OS MESMOS ERROS

Foi un Goberno do PSOE quen, contra toda lóxica industrial e racionalidade produtiva, fixo cargar o peso da reconversión naval nos estaleiros galegos co fin de manter os seus feudos electorais a resguardo. Incluso, naquel entón, pouco lle importou que a dereita afianzara o seu dominio por décadas en Galicia.

E volve a ser un goberno do PSOE o que sen ningunha racionalidade, por motivos estritamente electorais, vai castigar as térmicas galegas que teñen feito os deberes para reducir os seus efectos contaminantes, para o que se investiron moitos cartos europeos, favorecendo as térmicas doutras Comunidades nas que considera ten mais que perder no eido electoral importándolle pouco que contaminen mais ou que sexa moito mais cara a produción de enerxía.

Cando a Reconversión Naval, a mobilización sindical e social alcanzou un dos mais grandes niveis que se recordan na bisbarra e conseguiu abrir unha negociación con Madrid a través dunha Comisión Cidadá. Daquela, con outras siglas, a USTG defendeu o resultado que se obtivo da mesma tras arduas negociacións, mais quedouse soa diante dunha estratexia de defensa numantina dos estaleiros, a do todo ou nada, trala que se acochaba unha estratexia político-electoralista e que supuxo unha derrota da que aínda hoxe estase a resentir o movemento obreiro e cidadá de Ferrolterra.

De aí que, se non queremos caer no mesmo, o que hoxe temos que facer quen nos opuxemos abertamente contra do Decreto e constituímos unha Plataforma aberta, é tomarlle a palabra ao Sr. Vázquez "son galego antes que socialista" e propórllle defender todos xuntos os intereses de Galicia e dos galegos, en Madrid.


SI, ao PS de G, ao PP de G, a E.U, a CC.OO., a UGT, aos empresarios, aos transportistas e a todo aquel que teña interese en defender o traballo e a Galicia.

Agora, non se trata de tirar abaixo o decreto (ou todo ou nada), tratase de demandar unha negociación para acordar aquelas medidas imprescindíbeis que palfen os efectos negativos que a aplicación do mesmo vai traer para Galicia, o seu tecido produtivo e sobre todo para o emprego.

O que non tería sentido e que defendendo o mesmo, os intereses electoralistas e partidarios, deran ó traste a unha posible solución que permitira eliminar a maior parte dos efectos negativos que a aplicación do Decreto traerá, sobre todo no emprego.

O espectáculo da concentración da Coruña, non se pode volver a dar, pois se os intereses patidario-electoralistas se impoñen, non haberá ningunha solución e desde logo a USTG non lle vai facer o xogo a ningunha das estratexias en liza.

Quero dicir que os que rexeitamos o decreto e os que o votaron en Madrid podemos coincidir en reclamar solucións e que só así estas se poderán conseguir. A manifestación convocada para o vindeiro día 24 pode ser unha magnífica oportunidade, non a desbotemos.



Asdo. Gregorio Freire Piñeiro
S. Comarcal da USTG